

REGULAMENTO DO SERVIZO DE PISCINAS MUNICIPAIS DE USO PÚBLICO

Capítulo I. Asunción do servizo

1. De conformidade co previsto nos artigos 4 da Lei 7/1985, 106 do RD lexislativo 781/1986, 30 e 33 do Decreto do 17-06-1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais, e 156 da Lei 13/1995, o Concello do Barco de Valdeorras establece o seguinte Regulamento do Servizo das Piscinas municipais de uso público, co fin de determinar o seu réxime xurídico básico de acordo cos mencionados preceptos.
2. O servizo público das piscinas municipais asúmese expresamente como propio desta administración, á luz da atribución de competencias prevista no apartado 2 m) do artigo 25 da Lei 7/1985.

Capítulo II. Modalidades de prestación.

3. O servizo público de piscinas prestarase en calquera das modalidades previstas na lexislación vixente, ben sexa mediante a xestión directa (artigo 85.3 da Lei 7/1985), indirecta (artigo 85.4 da devandita lei, en relación co 157 da Lei 13/1995), ou consorcio (artigo 87 da Lei 7/1985), de acordo coa modalidade que en cada momento determine o Pleno corporativo.

Capítulo III. Ámbito de aplicación.

4. O eido obxectivo do presente Regulamento está constituído polo conxunto de piscinas e instalacións integrantes ou anexas a estas, de titularidade municipal que en cada momento aparezan inscritas como tales no Inventario de bens deste concello.

O seu ámbito subxectivo cubrirá toda aquela persoa que, mediante o pagamento dun prezo público asuma unha relación especial co Concello, polo que adquire o dereito ao uso das instalacións de conformidade e co cumprimento dos deberes establecidos no presente Regulamento.

Capítulo IV. Deberes e dereitos dos/das usuarios/as

5. Son deberes das/dos usuarias/os do servizo:
 - Pagar o prezo público establecido na ordenanza ou no acordo correspondente.
 - A observancia do horario de uso das piscinas en cada momento establecido pola Alcaldía, logo da proposta da concellaría delegada.
 - O acatamento das instrucións que, en cumprimento deste Regulamento ou da normativa xeral reguladora das piscinas de uso colectivo, lle sexan dadas polo encargado da vixilancia e do servizo da piscina, ou polo socorrista responsábel.
 - O pagamento dos danos ocasionados ás instalacións con dolo ou culpa.
 - Observar as instrucións xerais dadas, logo dunha proposta da concellaría delegada do servizo, pola Alcaldía do Concello relativas á hixiene, a limpeza, a orde e mais a seguridade, así como aquelas polas que se restrinxa o uso das instalacións por mor do desenvolvemento de cursos de natación, acontecementos deportivos ou similares.

A utilización en xeral das instalacións municipais incluídas no eido deste Regulamento de conformidade co seu destino e natureza, sen dano ou menoscabo ningún destas, e con pleno respecto aos dereitos dos demais usuarios destas.

6. Son dereitos dos/das usuarios/as:

A utilización das instalacións das piscinas de conformidade co presente regulamento e a normativa xeral reguladora destas.

Esixir das autoridades municipais o correcto funcionamento e estado das instalacións, denunciando cantas irregularidades poidan observar nelas.

Capítulo V. Réxime básico.

7. As piscinas e as demais instalacións deberanse adaptar en todo momento á súa normativa reguladora, e en particular ao Decreto da Xunta de Galicia 53/1989, polo que se aproba o Regulamento sanitario das piscinas de uso colectivo, coas súas modificacións posteriores e demais normativa que poida ditarse ao respecto.

A reapertura cada tempada das piscinas precisará, ademais da autorización da Consellaría de Sanidade e Servizos Sociais, consonte o disposto no artigo 37 do Decreto 53/1989, dun informe previo da concellaría delegada do servizo en que se fagan constar as medidas adoptadas en relación coa súa anterior apertura, respecto ás denuncias formuladas na tempada anterior, e a fórmula de xestión do servizo que se está a seguir e a súa operatividade.

Deste informe daráselle conta ao Pleno.

Capítulo VI. Potestades do Concello.

8. Co fin de garantir a axeitada utilización das instalacións comprendidas no presente Regulamento, o Concello disporá das seguintes potestades:

Esixir o pagamento do prezo público correspondente para permitir o acceso ás instalacións.

Obrigado ao cumprimento dos deberes sinalados no artigo 5 do Regulamento, polo que poderá desaloxar o/a usuario/a en caso contrario e nos supostos extremos, en todo caso logo da advertencia previa.

Estas medidas poderanse facer efectivas por mediación do encargado da vixilancia e o servizo da piscina, ou a través dos medios previstos na Lei 30/1992 para a executoriedade dos actos administrativos.

Capítulo VII. Réxime sancionador.

9. O incumprimento dos deberes relacionados neste Regulamento poderá dar lugar á imposición dunha multa até o límite previsto no artigo 59 do RD lexislativo 781/1986, logo da tramitación dun expediente simplificado en que se terán en conta os principios e as circunstancias sinaladas, e seguirase o procedemento previsto no título IX da Lei 30/1992 e no RD 1398/1993.

Capítulo VIII. Reclamacións e recursos.

10. Calquera eiva observada no normal desenvolvemento do servizo da piscina, así como as instrucións dadas polo encargado do servizo ou o socorrista, poderán ser obxecto de reclamación ante a Alcaldía do Concello.

A resolución adoptada pola Alcaldía esgota a vía administrativa e é susceptible dun recurso contencioso-administrativo, logo da comunicación da súa interposición á propia Alcaldía.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Este Regulamento entrará en vigor unha vez aprobado definitivamente polo Concello e publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia, sempre e cando transcorrese o sinalado polo artigo 65.2 por remisión do 70.2 da Lei 7/1985.

O Barco de Valdeorras, ... de febreiro de 1996

O concelleiro delegado de Deportes.

[*Rúbrica*]